

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 1056/2022**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 09 de xuño de 2022, relativo a Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal **de cinco oficiais**, ao amparo da Orde do 07 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022.

Vistas as Bases Xerais, os seus anexos e as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base xeral 7.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Grupo Mixto que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

#### PRESIDENTE:

**Titular:** Dona María Dolores Díaz Lorenzo, Directora da Oficina de Emprego de Viveiro.

**Suplente:** Dona Alicia Blanco Pérez, Técnico da Oficina de Emprego de Viveiro.

#### VOGAIS:

**Titular:** Dona Alexandra López Rodríguez, Técnica Superior do Equipo de Inclusión Socialaboral de Mondoñedo.

**Suplente:** Dona Nuria Chao Vidal, Técnica Medio do Equipo de Coordinación de Inclusión Sociolaboral de Mondoñedo.

D. Antonio Miranda Fernández. Técnico de Coordinación Departamento de Inclusión.

**Titular:** Don Eduardo Otero Pardo, Técnico de informática do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dona María Carmen Vale González, Administrativo de Padrón do Concello de Viveiro.

**Titular:** Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

**Suplente:** María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

#### SECRETARIO:

**Titular:** Jose Vivero Russo, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro

**Suplente:** Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Grupo Mixto para que comparezan na sala multiusos deste Concello de Viveiro nas datas **LUNES 20 DE XUÑO DE 2022, ás 09:00 horas** para a súa constitución, realizar a lista provisional de admitidos e excluídos, valoración de méritos no suposto de non existir aspirantes excluídos e entrevista dos aspirantes admitidos.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.





## Concello de Viveiro

---

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

***(Documento asinado dixitalmente á marxe)***



Cod. Validación: 6CZEEZ55SLTT2W45DWEK2CCWH | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2